

1390, agosto, 23

454

testamento

Testamento de Maior Pérez, cunha cláusula final en que se fai constar a protesta dos seus fillos, que se consideran perxudicados polas mandas en favor do segundo marido da testadora, polo que esta realiza unha corrección final en que lle deixa a este a lexítima quinta parte dos seus bens.

ACOu, Escrituras I, 42

Enno nome de deus amen. Sabean quantos esta carta de testamento viren que eu Mayor Peres moller de Estevoon Lourenço çidadaao d'Ourense moradores na rua d'Oobra, jasendo doente de tal doença qual deus tevo por ben de me dar et temendo deus et morte que he cousa natural per que todos os do mundo avemos de pasar et por tal que despois de miña morte non veña contenda entre alguuns sobre los meus beens, por ende faço e ordeno de min e deles meu testamento e miña postromeira voontade para senpre valedeiro. Primeiramente mando e dou a miña alma ao meu señor Jhesu Cristo deus padre verdadeiro que a conprou per lo seu santo sangue justo preçioso et rogo aa virgen señora santa Maria avogada dos pecadores et a todos los santos e santas da gloria do pareyso que seian meus avogados et lle queyran rogar por min que me perdoen os meus pecados e me ajan remiimento aa miña alma. Iten mando enterrar meu corpo na costra de San Martiño no moymento hu jasen Costança Fernandes miña madre et Thereyia Peres miña avoa. Iten mando para honra de miña sopoltura aquelas minsas e salterios e çera et oferta que meus herees et conpridores viren que conpre. Iten mando que me terçen tres veses enno anno que me fignar, huna ves do dia que me enterraren a terçer dia et a outra ves dende ata seis somanas et a outra do dia que me fignar ata huun anno conprido, et mando para cada terço seseenta mrs. de diñeiros brancos desta moeda que agora corre a des diñeiros brancos ou a seis coroados mor. para pan e viño et carne ou pescado per qual dia for, et que digan por miña alma en cada terço huna minsa cantada e quatro resadas. Iten mando ao cabidoo da egleia d'Ourense quareenta mrs. de cada huun anno para senpre en que digan por miña alma huna minsa cantada con suas vespas sigundo he de costume enno primeiro dia de setembre. Iten mando aos capelaens da cappela curada de Santa Oufemea huna leira de viña que jas no val da Looña, a qual jas daquel cabo ho rigueiro |o rigueiro| junto con a leira da Chave que topa en çima no carreiro per que van para Meende, per tal condiçon que os capelaens da dita capela que agora son e foren daqui endeante perlo tempo digan ou façan diser por miña alma quatro minsas resadas por dia de Santa Oufemea ou en outro dia. Iten mando aas personas e coengos da egleia d'Ourense çincoenta mrs. et que me façan honra en miña sopoltura et me manden tanager os signos. Iten mando aos clerigos do coro d'Ourense viinte mrs. et que me digan huna minsa cantada con sua vigilia. Iten mando aos frayres do moesteiro de San Françisco d'Ourense çincoenta mrs. et que me digan huna minsa cantada o dia que me fignar e me façan honra en miña sopoltura. Iten mando aos lazerados da casa de San Lasaro viinte mor. para huna pitaça. Iten mando aos fraires da terçeira orden que estan na casa da Fonteyña des mor. Iten mando para o lumen das lanpaas de San Martiño e de Santa Oufemea e de Santa Maria a Madre e de Santa Maria Magdanela e de Santa Triindade e de Santa Maria de Posio e de San Françisco dous diñeiros para aseyte a cada huna. Iten mando que me oferenden do dia que me fignar ata huun anno de huun diñeiro de pan e de outro diñeiro de viño. Iten mando aos clerigos e moosiños que veeren sobre la cova e miña sopoltura quando me enterraren quinse mrs. Iten mando a Estevoon Lourenço meu marido que aja para si para todo senpre conpras algunas de casas e viñas et de outras cousas se as anbos conpramos vivendo de consuun. It en

mando ao dito Estevoon Lourenço meu marido ho meu moyño da Lagea *que* esta en Meende. Iten lle mando mays a casa a *que* chaman da Adega e o baçelar de a par dela *que* teemos aforado do moesteiro de Santa Coonba de Naves. Iten lle mando mays a partiçon das viñas *que* me acaesçeron aa Sovereira de Meende sigundo esta demarcada enna partiçon *que* foy feita entre min e Maria do Mato miña yrmaa. Iten lle mando mays ao dito Estevoon Lourenço a miña herdade de Canedo *que* jas no lugar hu chaman as Conpras, *que* de min ten aforada Gonçalvo de Naves e sua moller Maria Domingues. Iten mando mays ao dito Estevoon Lourenço meu marido viñas quantas seian cavadura de çincoenta homes dentro no julgado da Looña de aquelas viñas *que* el e eu teemos aforadas do cardeal. Iten lle mando mays ao dito Estevoon Lourenço meu marido as cortinas de viñas *que* el et eu teemos aforadas aa par da costa, tan ben as *que* aforou do cabidoo commo a outra *que* eu teño aforada do bispo. Et estas cousas sobre ditas lle mando por boon marido *que* senpre en el tive et outrosi por moyto afan e traballo e custas *que* feso en seguыр o pleito de conpromiso *que* ouvo ontre min et Maria do Mato miña yrmaa et por desencarregar delo miña conçiencia e miña alma. Iten mando ao dito Estevoon Lourenço meu marydo estas casas anbas en *que* agora moramos, atanben as en *que* teemos os lagares e bestas e porcos commo as en *que* moramos, et viinte libras de cada anno *que* me deve Fernan Anes correjedor perla viña *que* de min ten aforada enna Cuyña. Et estas sobre ditas casas e viinte libras *que* as tena e aja en toda sua vida, et aa sua morte *que* figuen livres e quites a meus fillos e herees. Et esto *que* mando ao dito Estevoon Lourenço meu marido deyto sobre beyçon a meus fillos e filla *que* lle non vaan contra esto *que* lle mando nen llo enbarguen, et en caso *que* llo algun ou alguna queyra enbargar ou pasar contra esto *que* lle eu mando en este meu testamento mandolle a quinta parte de todos los meus beens moviles e rayses hu quer *que* os eu aja. Iten mando a Mayor Peres miña prima quatro varas de panno *que* custe a viinte et çinco mor. cada vara e *que* lle paguen o *que* lle deve n. Iten mando a miña guirlanda grande a miña filla Maria Peres moller de Gonçalvo Vasques escudeiro juis d'Ourense e as miñas contas. Iten mando a Aldonça miña nepta, filla do dito Gonçalvo Vasques et da dita Maria Peres miña filla a miña guirlanda pequena. Et faço herees deste meu testamento e pustromeira voontade a Martin Peres Jestosa coengo d'Ourense e a Maria Peres moller do dito Gonçalvo Vasques et a frey Gonçalvo frayre do moesteiro de San Françisco d'Ourense meus fillos en todos los outros meus beens *que* aqui non ajo mandados. Aynda faço conpridores e exsecutores deste dito meu testamento e pustromeira voontade aos ditos meus fillos e filla *que* cunplan et façan conprir esto *que* eu mando. Et este dou e outorgo por meu testamento e por miña pustromeira voontade para senpre valedeiro, et se non valuer commo testamento quero et outorgo *que* valla commo codiçilo ou commo outra escriptura feita per maa de notario e autentica, qual mellor pode seer e mays valer de dereito, et revoco todos e quaes quer outros testamentos e mandas et codiçillos *que* aja feitos ata aqui et outorgo e ajo por firme e por estavel este meu testamento e pustromeira voontade para senpre valedeyro *que* agora faço e outorgo per Afonso Anes Guiça notario d'Ourense. Et quen quer da miña parte ou da estranya *que* contra este meu testamento e pustromeira voontade veer ou pasar aja a yra de deus e a miña maldiçon e perca alguna cousa se llo en este meu testamento ajo mandado et *que* o aian meus herees et demays *que* peyte de penna aos ditos meus herees mill mrs. da boa moeda et aa voz del rey outros tantos et a dita penna pagada ou non *que* este meu testamento e pustromeira voontade valla e fique firme para senpre. Feito o testamento en Ourense, viinte e tres dias dagosto, anno do nasçemento de noso señor Jhesu Cristo de mill e tresentos e noventa annos.

Et logo os ditos Martin Peres Geestosa *que* presente estava por si et por frey Gonçalvo frayre do moesteiro sobre dito de San Françisco d'Ourense *que* non era presente et Gonçalvo Vasques por nomme de si et de sua moller Maria Peres *que* presente era, estes sobre ditos Martin Jestosa e frey Gonçalvo e Maria Peres fillos e herees legitimos da dita Mayor Peres e de Gonçalvo Peres da rua dos Çapateiros, enton diseron os ditos Martin Peres e Gonçalvo Vasques *que* non consentian nas mandas *que* a dita Mayor Peres mandava no dito testamento, por *que* desian *que* era grande seu perjuizo et *que* protestavan de as ditas mandas seer anuladas et dadas por nin hunas a todo tenpo. Et a dita Mayor Peres diso *que* pois os ditos Martin Peres e Maria Peres *que* presentes eran nen o dito Gonçalvo Vasques non querian consentir nas mandas *que* ela avia mandadas ao dito Estevoon Lourenço no dito seu testamento, *que* revocava as ditas mandas ao dito Estevoon Lourenço seu marido mandadas et *que* lle mandava ao dito Estevoon Lourenço a quinta parte de todos seus beens moviles e rayses sigundo *que* llos de

dereito podia e devia mandar. Testemunyas *que para* esto especialmente chamadas e rogadas *presentes* foron Johan Ares escudeiro morador en Pennavegia, Gonçalvo Rodrigues da rua dos Çapateiros, Gomes Ares da Pixotaria, frey Johan de Vilarrovin e frey Afonso Bravo frayres do dito moesteiro de San Françisco e Afonso Fernandes capelan da egleia de Santa Maria a Madre e Johan Vidal morador na crus do Çente[o], moradores en Ourense e outros.

Et eu Afonso Anes Guiza notario publico d'Ourense porlo bispo e porla igleia desse lugar *que a esto que sobre* dito he con as ditas *tests. presente* foy, *per* autoridade de Estevoon Peres raçoeiro da igleia d'Ourense chaçceller da dita igleia e çidade dese lugar et a rogo e pedimento da dita Moor Peres en mina presença fige *escribir* et *aqui* en esta carta de testamento *que dey* ao dito Estevoon Lourenço meu nomme e meu signal fige en *test.* de verdade *que* he tal.

(*sinal*)